



Guía Docente

Datos Identificativos					2015/16
Asignatura (*)	Economía e Empresa		Código	760G01007	
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Economía Aplicada 1				
Coordinación	Agullo Leal, Fernando	Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es		
Profesorado	Agullo Leal, Fernando	Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es		
Web	fagullo.info				
Descrición xeral	<p>A asignatura de Economía e Empresa intégrase no plan de estudos da titulación no 1º curso como materia básica. En canto á justificación de esta asignatura podese dicir que posto que as relacións laborais prodúcense normalmente no seno das empresas, é imprescindible para un especialista neste campo, posuir unhas nocións de Economía xeral, facendo especial fincapié na análise da toma de decisións na empresa (o mercado: oferta e demanda, o consumo, a produción, os custes da produción, os ingresos e o beneficio, etc) e, por suposto, no factor traballo, no precio: o salario e na problemática do mercado laboral.</p> <p>A asignatura abrangue tanto a dimensión interna da empresa como das relacións coa súa contorna externa. Malia que pola súa natureza, esta materia ten un contido abstracto, integra, con todo, múltiples aspectos relacionados coa realidade social e os problemas de actualidade, aos que nos é moi difícil non ter que buscarlles unha interpretación ou unha explicación. A parte da análise técnica, imprescindible para o coñecemento do funcionamento dunhas empresas e en xeral dunhas economías cada vez máis complexas e globalizadas no seu funcionamento, preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, recoñecer o función social da empresa ao ser quen contrata e remunera aos factores productivos, entre eles, o máis importanmte socialmente, o traballo. Polo que concederáselle tanta relevancia ao análise puramente económico e instrumental como aos aspectos sociais.</p> <p>A Integración desta asignatura no plan de estudos queda plenamente xustificada porque:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Responde á necesidade dun coñecemento máis técnico, dede o punto de vista económico, do ámbito das Relacións Laborais, á vez que se require dar resposta a problemas tan ineludibles como é paro, o funcionamento dos mercados, a toma de decisión das empresas na procura dos seus ouxetivos , o funcionamento das economías nacionais nun mundo globalizado, o crecemento e o subdesenvolvemento económico, etc. 2. Responde á letra e ao espírito da Lei de Reforma Universitaria cando considera que a universidade ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta. 				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A6	Economía e mercado de traballo.
A10	Organización e dirección de empresas.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.
A16	Asesorar e/ou xestionar en materia de emprego e contratación laboral.
A18	Interpretar datos e indicadores socioeconómicos.
A19	Identificar as fontes de información económica e o seu contido.
A20	Realizar funcións de representación e negociación en diferentes ámbitos das relacións laborais.
A21	Realizar análises e diagnósticos, prestar apoio e tomar decisións en materia de estrutura organizativa, organización do traballo, estudo de métodos e estudo de tempos de traballo.
A26	Aplicar técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación social ao ámbito laboral.
A27	Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados.



A29	Elaborar, implementar e avaliar estratexias territoriais de promoción socioeconómica e inserción laboral.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
A32	Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.
A35	Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B4	Capacidade de xestión da información.
B5	Toma de decisións.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Razoamento crítico.
B9	Traballo en equipos.
B12	Motivación para a calidade.
B14	Aprendizaxe autónomo.
B17	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a metodoloxía da análise económica e familiarizarse coa forma de efectuar as súas razóns.	A6	B1	C3
	A10	B2	C4
Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise económica na interpretación do comportamento do consumidor no mercado e na súa toma de decisións. Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise económica na interpretación do comportamento das empresas no mercado proveedor, entendendo o proceso de formación de custos e a toma de decisións para acadar os seus obxetivos.	A13	B3	C5
	A14	B4	C6
	A16	B5	C7
	A18	B6	C8
Coñecer as características do mercado no que opera a empresa, condicioantes da súa capacidade, autonomía e flexibilidade na toma de decisións.	A19	B8	
	A20	B9	
	A21	B12	
Comprender como a toma de decisións vai condicionar os resultados da empresa.	A26	B14	
Adquirir as competencias que permitan atopar a interpretación correcta dos indicadores de uso frecuente no eido empresarial e laboral.	A27	B17	
	A29		
	A31		
	A32		
	A35		

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1. O mercado e o consumidor.

1. O mercado e o consumidor.
 - 1.1 O concepto de utilidade e a utilidade marxinal decrecente.
 - 1.1.1 Concepto de utilidade.
 - 1.1.2 A Lei da utilidade marxinal decrecente.
 - 1.2 O equilibrio do consumidor.
 - 1.3 Aplicación do concepto de utilidade.
 - 1.3.1 Obtención de unha curva de demanda individual.
 - 1.3.2 O excedente do consumidor.
 - 1.3.2 A paradoxa da auga e os diamantes.
 - 1.4 Concepto e características das curvas de indiferenza.
 - 1.4.1 Concepto de curva de indiferenza.
 - 1.4.2 Características das curvas de indiferenza.
 - 1.4.3 A Relación Marxinal de Substitución (RMS).
 - 1.5 A recta de balance. O equilibrio para o consumidor.
 - 1.5.1 Espazo de presuposto e recta de balance.
 - 1.5.2 O equilibrio do consumidor.
 - 1.6 Aplicacións das curvas de indiferenza.
 - 1.6.1 A curva renta-consumo.
 - 1.6.2 A curva prezo-consumo.
 - 1.6.3 O efecto renta e o efecto substitución.

Lecturas:

Blanco, J. y Aznar, J. Introducción a la Economía. Cap 4.

Mochón, F. Principios de Economía. Cap 3.

Mochón, F. Economía. Teoría y Política. Cap. 6.

Lipsey, R. Economía Positiva. Cap 15.

Bilas, R. Teoría Microeconómica. Cap 3y 4.



Tema 2. A produción e os seus custos.

2. A produción e os seus custos.

2.1 O concepto de produción.

2.1.1 A función de produción.

2.1.2 Os periodos de decisión da empresa.

2.2 A produtividade e os rendementos na produción.

2.2.1 O concepto de produtividade.

2.2.2 Os rendementos e as fases da produción.

2.3 A produción a longo prazo. As curvas isocuantas.

2.3.1 Concepto y características das isocuantas.

2.3.2 A isocoste e o equilibrio na produción.

2.3.3 A vía de expansión da empresa.

2.4 Concepto e clasificación dos custos.

2.4.1 Definición de custo.

2.4.2 Clasificación dos custos.

2.4.3 Cuantificación dos custos.

2.5 Relación entre os custos da produción e os rendementos.

2.5.1 Custos fixos, variables e totais.

2.5.2 Custos medios, marxinais e totais.

2.5.3 As relacións entre os custos e a súa representación gráfica.

2.6 Os custos a longo prazo.

2.6.1 Características da curva de costes medios a longo prazo.

2.6.2 As economías de escala e a dimensión óptima da empresa.

Lecturas:

-Blanco, J. y Aznar, J. Introducción a la Economía. Cap 5.

-Mochón, F. Principios de Economía. Cap 4.

-Mochón, F. Economía. Teoría y Política. Cap.6 y 7.

-Lipsey, R. Economía Positiva. Cap 18.

-Bilas, R. Teoría Microeconómica. Cap 6 y 7



Tema 3. A empresa no mercado, situacións de beneficios e perdas.

SUBTEMA 3.1 A EMPRESA NO MERCADO DE COMPETENCIA PERFECTA.

1. Supostos conceptuais da competencia perfecta.

1.1 Caracterización do mercado.

1.2 Obxectivo das empresa.

2. Os ingresos: concepto e clasificación.

2.1 Concepto de ingreso.

2.2 Clasificación.

2.3 Representación gráfica dos ingresos.

3. Situacións da empresa no curto prazo.

3.1 Regras para acadar os máximos beneficios.

3.2 Posicións de equilibrio.

3.3 Obtención da curva de oferta dunha empresa.

4. A competencia perfecta a longo prazo.

SUBTEMA 3.2 O MERCADO DE MONOPOLIO

1. Supostos conceptuais do monopolio.

1.1 Características do mercado.

1.2 Obxectivo das empresas.

1.3 Consecuencias do monopolio sobre os ingresos da empresa.

2. Situacións de equilibrio para a empresa monopolista.

2.1 Regras para acadar-lo maximo beneficio.

2.2 Situacións de beneficio ou perdas.

3. Posibilidades de actuación do monopolista: a discriminación de prezos.

4. O monopolio en comparación coa competencia perfecta.

4.1 O custo social do monopolio.

4.2 Formas de regula-lo monopolio.

Lecturas:

-Blanco, J. y Aznar, J. Introducción a la Economía. Cap 6 y 7.

-Mochón, F. Principios de Economía. Cap 5 y 6.

-Mochón, F. Economía. Teoría y Política. Cap.8 y 9.

-Lipsey, R. Economía Positiva. Cap 20 y 21.

-Bilas, R. Teoría Microeconómica. Cap 8 y 9.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A6 A16 A18 A19 A26 A27 A31 A32 A35 B6 B8 B9	16	21.5	37.5
Sesión maxistral	A6 A10 A18 A20 A29 B12 B17 C7	32	55.5	87.5
Proba obxectiva	A6 A13 A18 B2 B4	3.5	0	3.5
Portafolios do alumno	A21 B1 B2 B3 B4 B5 B14 C3	0.5	7	7.5
Traballos tutelados	A6 A14 A18 B4 B9 C4 C5 C6 C8	0.5	13	13.5
Atención personalizada		0.5	0	0.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	<p>Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.</p> <p>Se realizarán prácticas dos contidos da asignatura. Dentro dos métodos existentes para facer prácticas dos contidos teóricos estudados utilizaremos o de probas de ensaio ou resposta libre coa posibilidade de ser complementados con probas de tipo test. A aplicación deste método implica a formulación dunha ou varias cuestións, que el alumno deberá desenvolver. O profesor utilizará como principios do procedemento de corrección:</p> <ul style="list-style-type: none">- A precisión na resposta.- A utilización de representacións gráficas como medio de expresión dos razonamentos.- A identificación dos conceptos e relacións relevantes.-Xerarquizar a súa importancia.
Sesión maxistral	<p>É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes.</p> <p>A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, có fin de transmitir certos coñecementos ao alumno. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos mais importantes da materia, e debera polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar aos alumnos por outros medios.</p> <p>A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmiti-los contidos do programa dunha forma sistematizada e respetando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">- Exposición dun marco global inicial que permita centra-lo tema.- Análise dos aspectos principais que integran o tema.- Síntese integradora do exposto.- Fixación breve e sinóptica do tema. <p>Será empregada principalmente ao inicio dos contidos teóricos pois estes requiren dunha presentación global, sintética e con rigor científico e claridade expositiva.</p>
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>
Portafolios do alumno	<p>É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.</p>



Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. A realización en grupo dos traballos tutelados consistirá na profundización de algúns dos temas propostos polo profesor nos contidos da asignatura ou que garde algunha afinidade con eles.</p> <p>O grupo de alumnos cando decidan o traballo tutelado a realizar deberán comunicarllo ao profesor, indicando os seus integrantes, obter o seu visto bo e seguir o plan de tutorías que se estableza.</p>
---------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Proba obxectiva Sesión maxistral Traballos tutelados Portafolios do alumno	<p>Para un mellor rendimento na aprendizaxe e realización tanto do portafolios como do e traballos tutelados é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso e así asegurar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A6 A16 A18 A19 A26 A27 A31 A32 A35 B6 B8 B9	<p>Nas sesións presenciais propoñeranse a realización de prácticas, lecturas e análise de documentos que poderán facerse en grupo, procurando así unha aprendizaxe colaborativa entre os membros do grupo.</p> <p>Fáranse dous obradoiros de control cos que se otorgarán os puntos por medio de unha proba obxectiva tipo test. Cada unha valera 20 puntos que serán concedidos sempre que se houberen feito todas as prácticas propostas e se acade o apto na práctica de control, na que se poderá utilizar o seu portafolios con todo o material que o alumno teña recopilado sobre a materia, mediante un test similar ao da proba obxectiva do curso. En caso de non ter todas as prácticas ou non acadar o apto na práctica de control cada obradoiro valerá 10 puntos.</p>	40
Proba obxectiva	A6 A13 A18 B2 B4	<p>Farase unha proba obxectiva nas datas establecidas para exame final da asignatura que englobará os contidos da materia.</p> <p>A proba obxectiva será un test de resposta pechada, con catro alternativas e soio unha certa, e os erros restarán $\frac{1}{4}$ do valor dun acerto.</p> <p>Será necesario acadar 16 puntos (un 4 sobre 10) como mínimo nesta proba para poder sumarlle aos puntos da proba os das restantes metodoloxías de avaliación. En caso de no chegar a dita puntuación mínima, a cualificación do alumno otorgarase exclusivamente coa cualificación de esta proba obxectiv, valorada sobre 10.</p> <p>Os puntos acadados nas outras metodoloxías de avaliación se lle gardarán para ser engadidos á puntuación obtida na proba obxectiva da segunda oportunidade, na rexerán os mesmos condicionantes que na primeira.</p>	40



Portafolios do alumno	A21 B1 B2 B3 B4 B5 B14 C3	<p>O alumno presentará na semana anterior ou posterior a do obradoiro de control para a súa valoración por parte do profesor a carpeta ordenada que pode ter formato dixital, ou ben un arquivador, pero que en calquera caso estará ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que conterá os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno ata o momento.</p> <p>O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc. o cal será tido en conta polo profesor para a súa valoración</p>	20
Outros			

Observacións avaliación

SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA:

A calificación de APTO se acadará con 50 puntos, sendo necesario acadar como mínimo 16 puntos en a proba obxetiva final do curso. En caso contrario a calificación do alumno será a que resulte das probas obxetivas, valoradas ao 100%, sen engadir os puntos do traballo tutelado.

Os traballos tutelados que os alumnos poderán realizar e incluír no portafolios, terán que ser da autoría orixinal dos membros do grupo, sen cometer plagio, e menos aínda "copiar e pegar" de outros traballos ou textos, se valorará: contido (calidade do traballo; aspectos formales (justificación, metodoloxía, obxetivos, desenvolvemento, citas en el texto, notas a pie de páxina, citas de fontes de cuadros y fotografías, conclusións, bibliografía utilizada, presentación, adianto da entrega y nº de participantes no grupo).

O portafolios incluírá toda a documentación coa que traballe o alumno ao longo do curso:

Diario de adicación a asignatura con indicación tanto da asistencia como do traballo non presencial ata completar as 150 da materia

Apuntes, notas da sesións e traballo autónomo.

Todas as prácticas desenvolvidas, incluídos os test de autoavaliación propostos polo profesor

Lecturas e outras fontes documentais analizadas

Traballo en grupo coa súa presentación

Glosario de termos, esquemas e resumes dos contidos dos temas.

SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL (alternativo ao sistema de avaliación continua):

Para atender as necesidades especiais dos estudantes con dedicación a tempo parcial uo de modalidades específicas de aprendizaxe e apoio a diversidade ofrécese un sistema de avaliación final, ao que poderán acollerse todos os alumnos que o dexasen. Así mesmo, si por necesidades especiais o alumno necesitase algunha especificidade nas metodoloxías para a súa avaliación deberá indicalo ao profesor quen lle dará unha alternativa adaptada as súas circunstancias particulares.

O sistema de avaliación final consistirá nunha proba en péchaa establecida pola Xunta de Facultade coa que o alumno obterá o a súa cualificación na materia. A proba será un cuestionario de preguntas tipo test ou preguntas abertas ou ambas. O test será de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto. As preguntas de resposta aberta poderán ser unha breve explicación, un resumo, unha representación e interpretación de gráficas, a resolución de problemas, etc

A cualificación de APTO alcanzarase con 50 puntos. No caso de avaliación final, se non se realizar a proba obxetiva, a cualificación nesa convocatoria será NON PRESENTADO.

Fontes de información

Bibliografía básica

- AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2013). Economía y empresa. . ecoemp@yahoo.es
- BLANCO, JUAN y AZNAR, JUANA (2004). Introducción a la Economía. McGraw-Hill, Madrid.



Bibliografía complementaria	<p>-Kugman, P. y otros (2015). Fundamentos de Economía. Madrid: Reverte SA-Mochón Morcillo, Francisco. Principios de Economía. Editorial: McGraw-Hill. -Mochón Morcillo, Francisco. Economía Teoría y Política. Editorial: McGraw-Hill.-Lipsey, Richard G.. Introducción a -Fisher, Stanley y otros. Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Castro, Antonio y otro. Introducción a -Bilas, Richard. Teoría Microeconómica. Editorial: Alianza Editorial.-Brandson, William. Teoría y Política Macroeconómica. Editorial: Fondo de Cultura Económica.-Samuelson, Paul. Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Varias autores. Enciclopedia Práctica de Economía. Editorial: Ediciones Orbis.-Cuervo-Arango Martínez, Carlos y otro. Introducción a Editorial: McGraw-Hill.-Alonso, A. y Bouso, P. Introducción Práctica a -Duarte, A. y otros. Curso Elemental de Micro y Macroeconomía. Editorial: Cívitas.-Varian, Hall R. Microeconomía Intermedia. Editorial: Antoni Bosch.-Méndez Morales, José S. Economía y la empresa. Editorial: McGraw-Hill.-Wonnacott P. y Wonnacott, R. Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Blanco Ramos, Ignacio. Economía. Editorial: Everest.-Mochon Morcillo, Francisco. Economía Básica. Editorial: McGraw-Hill.-Ochando Claramunt, Carlos y otros. Elementos Básicos de Economía. Editorial: Tirant Lo Blanch.-Febrero, Ramón y otros. Qué es -Baldwin, Carlos y otro. Introducción General a -Birmingham, David y otros. Economía. Editorial: Pirámide.-O'kean, José María. Análisis del entorno económico de los negocios. Una introducción a la macroeconomía. Editorial: McGraw-Hill.-Alba, Alfonso y otros. Economía, Teoría y Política. Libro de problemas. Editorial: McGraw-Hill.-Tugores, Jorge y otros. Introducción a -Lipsey, Richard G. Prácticas de Economía Positiva. Editorial: Vicens-Vives.-Gimeno, Juan A. y otro.Introducción a Editorial: McGraw-Hill.-Jiménez Aguilera Juan y otro. Cuestiones y ejercicios de Teoría Económica. Editorial: Pirámide.-Escribá, F. Javier y otros. Introducción Práctica a Editorial: McGraw-Hill.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para cursa-la asignatura non é imprescindible ter coñecementos previos sobre temas económicos, aínda que os alumnos procedentes do bacharelato de CC Sociais disporán dunha formación previa que lles permitirá facer un menor esforzo porque xa estarán algo acostumbrados a medoloxía empregada nas análise económicas e a súa terminoloxía ao ter cursado Economía e Economía e organización de empresas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías